

COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Alumno/a **LIBRE / OFICIAL**:

Grupo / Profesor:

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE ESTA ACTIVIDAD

- Duración: **60 minutos**.
- Debe realizar **TODAS** las tareas.
- Debe escribir sus respuestas en **la hoja de respuestas (reverso de esta página)**.
- Sólo se admiten respuestas escritas con **bolígrafo azul o negro**.
- Apague su **teléfono móvil**.
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL : / 20

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

FOLLA DE RESPOSTAS

TAREFA 1	A casa dos meus avós/ 7 puntos
-----------------	-----------------------------	------------------------

Palabras para escoller	
amolecidas	decote
andazo	estrume
badaladas	feltro
bestas	mazarocas
borralla	mociña
cabaza	obradoiro
cachoeiras	pezoñas
couce	ruela
chapeu	xanelas

Resultado		
0	<i>ruela</i>	√
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		
11		
12		
13		
14		

TAREFA 2	Faros/ 6 puntos
-----------------	--------------	------------------------

0	<i>Durante séculos, Galicia viuse atacada maritimamente por pobos do leste de Europa.</i>	F	√
1	Os ataques a Galicia reducíronse en número despois do coñecemento da tumba do Apóstolo Santiago.		
2	As abondosas enseadas galegas eran un bo refuxio para os asaltantes.		
3	As Rías Altas galegas padeceron a meirande parte dos ataques marítimos.		
4	As fogueiras que se empezaron a acender na costa permitían axexar os adversarios.		
5	A única finalidade dos fachos era coñecer a chegada do inimigo para, entón, liscar terra dentro.		
6	Os gregos establecen a orixe dos sinais marítimos nas cacharelas das costas galegas.		

PARTE 1.ª DA COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

TAREFA. Escolla para cada espazo sombreado do texto a palabra correcta, como no exemplo 0. Teña en conta que cada vocábulo só se pode empregar unha vez e que dispón de máis dos que precisa. **Poña a solución na folla de respostas.**

0,5 puntos cada ítem. Puntuación total:/7

A casa dos meus avós

A casa dos meus avós, abondo grande, estaba fronte á igrexa, se ben a fachada principal daba a unha 0 ruela preto da Praza do Concello, a carón do 1 do ferrador, onde pasabamos as horas vendo como el, un musculoso home pequeno de cabelo irto, preparaba as ferraduras no lume e, logo de raer os cascos dos cabalos e as 2 das vacas, collía as patas sen sufrir un só 3 dos animais atados á armazón de madeira e craváballes en segundos uns cravos de cabezas cadradas, e ás 4 non lles doía. A corte sempre en movemento arrecendía a este ulido, que preme a gorxa, do 5 e mais á palla da bosta.

Pois, ben, da veciña igrexa chegaban, a penas amortecidas polos cristais da galería, as teimudas 6 do tanxido a morto, non sei se por algún defunto que se puxera a morrer xusto no día de todos eles ou pola festividade do santoral.

Nós, tres ou catro nenas e nenos ao cargo dunha prima xa 7 , estabamos na galería largacía e comiamos 8 de millo 9 ao lume, un sabor á terra como non hai outro, sobre todo agora que xa non hai nin millo.

De súpeto alguén apagou a luz e enriba dunha mesiña de vimbio posta preto das 10 , acendéronse os ollos triangulares dunha caveira verdenta, a típica, a inconfundíbel —como descubrín cos anos— 11 de Halloween. Lembrar non me lembro de se todos os rapaces estabamos disfrazados —ninguén celebraba o Halloween—, anque si me lembro perfectamente de que eu levaba un 12 de vaqueiro e unha pistola de pao nunha funda de 13 , pendurada do cinto como o Pequeño Sheriff dos chistes, mais para min non era un disfraz, mesmamente andaba así case 14 e polas noites puña o revólver debaixo da almofada,

Texto pertencente ao libro *Só os mortos soterran os seus mortos* de Arturo Lezcano

PARTE 2.^a DA COMPREENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

TAREFA. Indique se as seguintes aseveracións referidas ao texto son verdadeiras (V) ou falsas (F), como no exemplo 0. Poña a solución na folla de respostas.

1 punto cada ítem. Puntuación total:/6

Faros

A historia dos sinais marítimos en Galicia pasa pola necesidade de defenderse dos ataques dos países nórdicos que durante séculos asolaron as nosas costas sementando de sangue e dor as aldeas que se encontraban no seu camiño.

O descubrimento do sepulcro do Apóstolo Santiago en Compostela chegou ós oídos destes señores da guerra que dende ese momento priorizaron as súas incursións cara ás costas galegas, debilmente defendidas e con numerosas e ben abrigadas enseadas que lles ofrecían acubillo durante os longos invernos que duraban as súas correrías.

As rías de Vigo, Pontevedra e Arousa foron as máis castigadas por estes asaltos ata que, co fin de que non os collesen desprevidos, instaláronse na costa unha serie de “fachos” en lugares prominentes, dende onde eran avistados os invasores co tempo suficiente como para alertar a poboación da súa chegada, ó obxecto de que puidesen defenderse ou incluso que puidesen fuxir cara ó interior dos bosques onde encontrarían seguro refuxio.

Nestes “fachos”, estratexicamente situados, atendidos por veciños recrutados polas autoridades, se ían acendendo enormes cacharelas, visibles a gran distancia, onde os servidores á súa vez acendían outras, levando o aviso en poucos momentos ata zonas afastadas de costa, como por exemplo Santiago de Compostela.

Sen menosprezar a teoría helénica da orixe dos sinais marítimos, non estaría de máis situala, nas nosas costas, como un aproveitamento daqueles antigos “fachos” que eran vistos dende longas distancias polos mariños que saberían así da proximidade dos lugares de recalada ou simplemente dos perigos que lle asexaban nas súas derrotas.

Sobre a palabra “facho” os dicionarios consultados din:

“Eminencia dun monte onde se acendían os facheiros que servían de sinais na costa ou terra dentro”.

Texto tirado do libro *Faros de Galicia*, de Lino Pazo

PARTE 3.^a DA COMPREENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

TAREFA. Risque cun X no recadro correspondente, segundo onde se atope a resposta á pregunta formulada, como no exemplo 0. Pode haber textos que conteñan a resposta a máis dunha pregunta e textos nos que non se atope ningunha resposta. Poña a solución na folla de respostas.

1 punto cada ítem. Puntuación total:/7

Dez lugares de Galicia que estarán ameazados polo mar en 2050

A Ría de Ortigueira

As zonas máis baixas deste esteiro, como a praia de Morouzos ou o humidal da parte máis interior da ría, poderían verse asolagadas en apenas 30 anos.

B Praia e lagoa de Valdoviño

Nos últimos anos freáronse mediante accións de desaugamento as habituais inundacións causadas pola lagoa da Frouxeira, en Valdoviño, pero as perspectivas ante o aumento do nivel do mar volven poñer o foco na zona. A praia de Pantín tamén se vería afectada.

C Ría de Ferrol

As zonas máis baixas da cidade, como A Malata, o porto e o arsenal, poderían sufrir os embates do mar moito máis a miúdo. Na outra beira da ría, zonas como Perlío e o paseo marítimo de Neda quedarían tamén nunha situación delicada.

D Ría de Betanzos

O último tramo do Mandeo, caracterizado polas terras baixas (onde se proxectou un sistema de diques semellante ao dos Países Baixos), é outro dos puntos sinalados en vermello. As inundacións debido á marea alta adoitan afectar á propia vila de Betanzos, onde se desenvolveron recentes actuacións para frear este problema.

E A Coruña

Ademais do risco para o porto exterior de Langosteira, a cidade e os seus arredores verían en risco os terreos onde se sitúa o porto e algunhas zonas da beira da ría do Burgo.

F Razo e Baldaio

Un dos areais máis extensos de Galicia, que conta tamén cun sistema dunar e unha lagoa cunha importante biodiversidade, ficaría tamén baixo a auga.

G Esteiro do Anllóns e espazo de Traba

A desembocadura do río Anllóns, outro espazo protexido de importante valor ambiental, quedaría tamén nunha situación complicada. Algo semellante acontecería con outra zona próxima, a praia e lagoa de Traba, en Laxe, unha zona húmida cun enorme valor ornitolóxico.

H Praia de Carnota

O areal máis extenso de Galicia, que adoita quedar dividido a mercé das mareas en moitas ocasións, podería experimentar unha alteración moi importante.

I Corrubedo e ría de Arousa

Un dos sistemas dunares máis importantes de Galicia tamén quedaría seriamente afectado. Parte de Corrubedo podería ficar baixo as augas. Do mesmo xeito, a Illa de Arousa perdería parte da súa superficie, e O Grove podería quedar convertido nunha illa debido a que o istmo da Lanzada quedaría reducido á mínima expresión. Tamén habería problemas na desembocadura do Umia.

L Esteiro do Ulla

Os problemas coas inundacións son frecuentes en Padrón. E o curso baixo do Ulla tamén se verá afectado polo aumento do nivel do mar.

Adaptación dun artigo publicado en www.gciencia.com

CHAVE DE RESPOSTAS

TAREFA 1 | A casa dos meus avós

...../ 7 puntos

Palabras para escoller	
amolecidas	decote
andazo	estrume
badaladas	feltro
bestas	mazarocas
borralla	mociña
cabaza	obradoiro
cachoeiras	pezoñas
couce	ruela
chapeu	xanelas

Resultado	
0	<i>ruela</i>
1	<i>obradoiro</i>
2	<i>pezoñas</i>
3	<i>couce</i>
4	<i>bestas</i>
5	<i>estrume</i>
6	<i>badaladas</i>
7	<i>mociña</i>
8	<i>mazarocas</i>
9	<i>amolecidas</i>
10	<i>xanelas</i>
11	<i>cabaza</i>
12	<i>chapeu</i>
13	<i>feltro</i>
14	<i>decote</i>

TAREFA 2	Faros/ 6 puntos
-----------------	--------------	------------------------

0	<i>Durante séculos, Galicia viuse atacada maritimamente por pobos do leste de Europa.</i>	F
1	Os ataques a Galicia reducíronse en número despois do coñecemento da tumba do Apóstolo Santiago.	F
2	As abondosas enseadas galegas eran un bo refuxio para os asaltantes.	V
3	As Rías Altas galegas padeceron a meirande parte dos ataques marítimos.	F
4	As fogueiras que se empezaron a acender na costa permitían axexar os adversarios.	V
5	A única finalidade dos fachos era coñecer a chegada do inimigo para, entón, liscar terra dentro.	F
6	Os gregos establecen a orixe dos sinais marítimos nas cacharelas das costas galegas.	F

PREGUNTAS		TEXTOS									
		A	B	C	D	E	F	G	H	I	L
0	<i>a praia de Morouzos poderá quedar baixo da auga?</i>	X									
1	as aves poden correr perigo?						X				
2	as súas zonas máis baixas se verán afectadas en tres décadas?	X									
3	o peirao se verá golpeado máis acotío?			X							
4	se anegará un importante ecosistema de especies vexetais e animais?					X					
5	unha lagoa quedará totalmente somerxida?					X					
6	unha praia que muda segundo suba ou baixe o mar podería verse modificada							X			
7	varias entidades de poboación mudarán a súa configuración actual?								X		

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORALES

P
R
U
E
B
A

D
E

C
E
R
T
I
F
I
C
A
C
I
Ó
N

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Alumno/a LIBRE / OFICIAL:

Grupo / Profesor:

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE ESTA ACTIVIDAD

- Duración: **máximo 35 minutos**.
- Apague su **teléfono móvil**.
- Sólo se admiten respuestas escritas con **bolígrafo azul o negro**.
- Cada tarea se escuchará **dos veces**.
- Para cada una, el procedimiento será el siguiente:
 - **dos minutos** para leer el enunciado y la tarea
 - **primera escucha** del documento **un minuto** para responder
 - **segunda escucha** del documento **dos minutos** para revisar las respuestas y anotarlas en la **hoja de respuestas** (reverso de esta página)
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL: / 20

TAREFA 1.ª DA COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

CONTEXTO. A continuación vostede vai escoitar unha entrevista na que se fala sobre o disco "The tambourine man" do músico galego Xabier Díaz.

TAREFA. Indique se as seguintes aseveracións formuladas sobre o documento sonoro son verdadeiras (V) ou falsas (F), como no exemplo 0.

1 punto cada ítem. Puntuación total...../ 8

0	<i>O concerto no que se presentou o novo traballo de Xabier Díaz tivo lugar de xeito inesperado, pois o disco aínda non se publicara.</i>	F	✓
1	O teatro encheuse, malia o músico ser forasteiro na cidade.		
2	O músico gañou tranquilidade debido a ter traballado abondo antes do concerto.		
3	Segundo a entrevistada, durante o concerto botouse en falta un pouco máis de volume.		
4	Xabier Díaz puxo en valor o pandeiro dentro do eido da música galega.		
5	O propio músico compuxo as letras incluídas nas cancións do disco.		
6	As músicas do disco proceden de mesturas de cancións que xa se puideron escoitar noutros discos anteriores de Xabier Díaz.		
7	Un dos intres máis emotivos da actuación, segundo a entrevistada, foi cando o músico invitou a cantar unha anciá.		
8	Xabier Díaz salientou o labor dos labregos na conservación das cantigas tradicionais.		

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

TAREFA 2.^a DA COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

CONTEXTO. Vostede vai escoitar unha reportaxe sobre a "Fritada do porco celta" emitida na sección "A Revista" da Televisión Galega.

TAREFA. Risque cun X a opción correcta segundo o que se escoita na audición, como no exemplo 0. Teña en conta que só unha das opcións é a válida.

1 punto cada ítem. Puntuación total...../ 7

0. Que denominación recibe na zona este prato?

A. Raxada

B. Fritada

C. Raxo

1. Que viño debe empregarse na elaboración da receita?

A. Calquera viño branco é axeitado.

B. Recoméndase empregar viño albariño porque é un chisco máis forte.

C. O mellor é usar viños brancos galegos.

2. Que truco usa a cociñeira coa cebola?

A. Prefire cocela antes de facer os outros pasos da receita.

B. Prefire botarlle un pouquiño de viño branco.

C. Prefire dourala con loureiro para que abrande antes.

3. De onde proceden as verduras que empregan na cociña?

A. A cebola, as nabizas e os cabazos son de colleita propia.

B. A horta da casa dá cebolas, nabizas e grelos.

C. Na horta plántanse cabazas que eles empregan para facer sobremesas.

4. Cando se pode desfrutar da "Fritada de porco celta" neste sitio?

A. Nas xornadas do *Outono Gastronómico*.

B. Ao aloxarse nesa casa de turismo rural.

C. Como prato exclusivo para a época da matanza.

5. Como define a cociñeira a cociña galega?

A. Unha cociña na que a calidade dos produtos esixe un grande esforzo na preparación.

B. Unha cociña con receitas moi elaboradas baseadas en produtos de calidade.

C. Unha cociña que foxe de receitas complicadas que estraguen a calidade dos produtos.

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

6. A cociñeira ten a arela de que...

- A. se garanta o futuro da Costa da Morte.
- B. os fillos dela sigan traballando no turismo.
- C. os fillos dela se impliquen no desenvolvemento do seu territorio.

7. Cal é o motivo de que estea a piques de esquecer engadir un dos condimentos?

- A. Dubida entre botarlle un chisco de sal ou non botarlle ningún.
- B. Está de leria coa reporteira.
- C. Non sabe se é do gusto da reporteira.

TAREFA 3.^a DA COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS

CONTEXTO. A continuación vostede vai escoitar un conto tradicional titulado “O rato do monte e o rato da casa”.

TAREFA. Encha os ocios baleiros do texto coas palabras que faltan, máximo 3 palabras, como no exemplo 0. 0,5 puntos cada ítem. Total: / 5

Saliu unha vez un rato da casa nun día de inverno, (0) dando un paseíño encontrou outro rato!, pero este vivía no monte, e estaba cheo de frío (1) . O rato da casa acercouse á beira do rato do monte e díxolle:

–(2) estás así tan fraco (3) , que alí onde (4) sempre que comer, sen necesidade de pasar frío ningún e tampouco tes que mollarte *pra* buscar de comer... Ven!

–E o gato? –preguntou o rato do monte.

–(5) o da casa. Hai alí un, (6) se non estivese. Sempre está durmido. (7) e verás como paso por diante del e nin sequera me *sinte*. Alí que foron os dous (8) e xa verás que paso por decididos a encher o buche e ¡vivir coma reis! Pero cando chegaron á casa viron o gato durmido diante da porta ...ZZZZZZ Pasou o rato da casa por diante del, todo confiado! O gato abriu un chisquiño un ollo e logo outro chisquiño o outro ollo e ...PUM... (9) e o rato da casa quedou entre as uñas e os dentes do gato! Que agora xa tiña os ollos ben abertos.

O rato do monte, que tal *veu*, deu media volta e dixo:

–Vale máis no monte fraco, que gordo (10) gato!

Conto recollido da *Antoloxía do conto popular galego*, de Henrique Harguindey e Maruxa Barrio.

FOLLA DE RESPOSTAS

TAREFA 1	“ The tambourine man“ de Xabier Díaz/ 8 puntos
-----------------	---	------------------------

0	<i>O concerto no que se presentou o novo traballo de Xabier Díaz tivo lugar de xeito inesperado, pois o disco aínda non se publicara.</i>	<i>F</i>
1	O teatro encheuse, malia o músico ser forasteiro na cidade.	<i>F</i>
2	O músico gañou tranquilidade debido a ter traballado abondo antes do concerto.	<i>V</i>
3	Segundo a entrevistada, durante o concerto botouse en falta un pouco máis de volume.	<i>V</i>
4	Xabier Díaz puxo en valor o pandeiro dentro do eido da música galega.	<i>V</i>
5	O propio músico compuxo as letras incluídas nas cancións do disco.	<i>F</i>
6	As músicas do disco proceden de mesturas de cancións que xa se puideron escoitar noutros discos anteriores de Xabier Díaz.	<i>V</i>
7	Un dos intres máis emotivos da actuación, segundo a entrevistada, foi cando o músico invitou a cantar unha anciá.	<i>V</i>
8	Xabier Díaz salientou o labor dos labregos na conservación das cantigas tradicionais.	<i>F</i>

0. Que denominación recibe na zona este prato?

- A. Raxada
- B. **Fritada**
- C. Raxo

1. Que viño debe empregarse na elaboración da receita?

- A. Calquera viño branco é axeitado.
- B. Recoméndase empregar viño albariño porque é un chisco máis forte
- C. O mellor é usar viños brancos galegos.

2. Que truco usa a cociñeira coa cebola?

- A. Prefire cocela antes de facer os outros pasos da receita.
- B. Prefire botarlle un pouquiño de viño branco.
- C. Prefire dourala con loureiro para que abrande antes.

3. De onde proceden as verduras que empregan na cociña?

- A. A cebola, as nabizas e os cabazos son de colleita propia.
- B. A horta da casa dá cebolas, nabizas e grelos.
- C. Na horta plántanse cabazas que eles empregan para facer sobremesas.

4. Cando se pode desfrutar da "Fritada de porco celta" neste sitio?

- A. Nas xornadas do *Outono Gastronómico*.
- B. Ao aloxarse nesa casa de turismo rural.
- C. Como prato exclusivo para a época da matanza.

5. Como define a cociñeira a cociña galega?

- A. Unha cociña na que a calidade dos produtos esixe un grande esforzo na preparación.
- B. Unha cociña con receitas moi elaboradas baseadas en produtos de calidade.
- C. Unha cociña que foxe de receitas complicadas que estraguen a calidade dos produtos.

6. A cociñeira ten a arela de que...

- A. se garanta o futuro da Costa da Morte.
- B. os fillos dela sigan traballando no turismo.
- C. os fillos dela se impliquen no desenvolvemento do seu territorio.

7. Cal é o motivo de que estea a piques de esquecer engadir un dos condimentos?

- A. Dubida entre botarlle un chisco de sal ou non botarlle ningún.
- B. Está de leria coa reporteira.
- C. Non sabe se é do gusto da reporteira.

TAREFA 3	“O rato da cas e o rato do monte”/ 5 puntos
-----------------	--	------------------------

0	dando un paseíño
1	e moi fraco
2	E ti como
3	vente comigo
4	eu estou hai
5	Boh! Respondeulle
6	pero é coma
7	ti ven
8	pra casa
9	deu un brinco
10	do cu do

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

MEDIACIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

P
R
U
E
B
A

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Alumno/a **LIBRE / OFICIAL**:

Grupo / Profesor:

D
E

C
E
R
T
I
F
I
C
A
C
I
Ó
N

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE ESTA ACTIVIDAD

- Duración: **30 minutos**.
- Debe escribir con **bolígrafo azul o negro**.
- Apague su **teléfono móvil**.
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL : / 10

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

Un plan de viaxe para coñecer Galicia a través da ciencia

O plan da maioría dos turistas que chegan a Galicia adoita ser semellante: ver a catedral de Santiago, o cabo Fisterra ou a Torre de Hércules, tres dos puntos máis visitados do país.

Porén, hai quen busca nas súas viaxes un plan distinto, cos que coñecer cousas que se escapan ao común nos lugares que visitan. E Galicia tamén pode ofrecer este tipo de paquetes turísticos. No caso do [turismo científico](#), cidades como A Coruña ou Santiago teñen moito que dicir.

A viaxe comeza coa chegada á Coruña. Despois dunha volta polo casco histórico, o paseo marítimo ou a Torre de Hércules, a escapada científica inclúe un día de visita aos [Museos Científicos Coruñeses](#) (Casa das Ciencias, Domus e Aquarium Finisterrae) e ao [Museo Nacional de Ciencia y Tecnología \(Muncyt\)](#). Cada un destes edificios ofrece unha interesante perspectiva sobre o coñecemento, a importancia da investigación, a curiosidade e o xogo como ferramenta de aprendizaxe.

Despois desta vibrante xornada, o programa ofrece o traslado en tren ata Santiago de Compostela. Xa na capital galega, antes de mergullarse no seu atractivo científico, que é moito, cómpre coñecer o seu gran patrimonio cultural e histórico. Non só a Catedral, senón tamén recunchos non tan coñecidos como o parque de Bonaval, a Alameda ou o mercado de abastos merecen unha visita. A xornada comeza coa visita ao Museo de Historia Natural. Hai 25.000 exemplares de fauna e flora, que se poderán ver de preto no museo.

Adaptación dun artigo publicado en *Gciencia*, 03/01/2020

PRODUCCIÓN Y COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Alumno/a **LIBRE** / **OFICIAL**:

Grupo Profesor:

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE ESTA ACTIVIDAD

- Duración: **60 minutos**.
- Debe realizar **LAS DOS** tareas.
- Escriba a continuación de los enunciados (ver reverso), **indicando el número de tarea**.
- Debe escribir con **bolígrafo azul o negro**.
- Apague su **teléfono móvil**.
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL : / 20

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

TAREFA DE PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

CONTEXTO. Dende finais do século XX, as novas tecnoloxías e o uso de Internet forman parte de todos os aspectos das nosas vidas. Non obstante, e en relación con isto, non todo é positivo nin todas son vantaxes.

TAREFA. Escriba un artigo, para unha revista escolar, no que poña de manifesto os posibles riscos do uso das redes sociais entre os máis novos.

De tratar, ente outros, os seguintes perigos que se poden derivar do abuso dese hábito:

- A obesidade
- A ausencia de interacción real
- A adicción
- O atraso escolar

NÚMERO DE PALABRAS. 130 palabras (+/- 13 liñas)

PUNTUACIÓN. 10 puntos

TAREFA DE COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

CONTEXTO. Vostede acaba de ler nun xornal a seguinte nova sobre a conversión de varias rúas da súa cidade en peonís:

O Goberno local ten a firme intención de peonalizar máis rúas na cidade, segundo explicaron onte a alcaldesa e o concelleiro de Mobilidade, e as candidatas a perder o tráfico no futuro son: Alcalde Marchesi, Primavera e Compostela que, durante este Nadal, estiveron vedadas á circulación rodada. Aseguraron que, durante este ano, encargárase un estudo para ver como se pode facer definitiva esta medida e, tamén, como se poden mellorar estas vías, por exemplo, facendo unha plataforma única, pondo arboredo e mobiliario urbano, para facer máis atractiva a zona e dando solución ao aparcadoiro que se perda en superficie.

TAREFA. Vostede decide escribirlle un correo electrónico ao concelleiro de Mobilidade. Nel, debe tratar os seguintes puntos:

- Enumere os aspectos positivos e os negativos da medida.
- Decántese a favor ou en contra.
- Realice hipóteses sobre as posibles consecuencias da peonalización desas tres rúas.

NÚMERO DE PALABRAS. 80 palabras (+/- 8 liñas)

PUNTUACIÓN. 10 puntos



PRUEBA DE CERTIFICACIÓN – BLOQUE B

MEDIACIÓN DE TEXTOS ORALES

CONTEXTO: Vostede precisa mercar un ordenador portátil e estivo a procurar información.

TAREFA: Resuma o seguinte artigo para explicarllo a un amigo que tamén quere facer o mesmo.

Miniordenador portátil

O seu prezo non supera os 400 euros, o seu peso apenas pasa do quilogramo e as súas dimensións son tan pequenas que caben nun bolso ou nun maletín.

Alén das vantaxes non é un substituto dun ordenador de sobremesa ou dun portátil convencional. Debido ao seu reducido tamaño, a súa memoria é limitada, dado que o disco duro é unha das partes máis pesadas e caras dun ordenador. Por iso diminúe a capacidade de almacenaxe nestes ultralixeiros.

Aspectos que convén valorar na compra dun portátil ultralixeiro:

A conectividade: deben ter, como mínimo, dous portos USB para poder conectar cun disco duro externo e un rato, xa que o seu dispositivo táctil non é cómodo de usar. Tamén deben dispor de conectividade Wi-Fi e, se pode ser, vía porto ethernet. 9000

O peso: mentres non supere os 1,3 quilogramos, o aparello é cómodo de transportar.

O tamaño: debe ser semellante ao tamaño dun bolso de man de señora, para que caiba en todos os lugares.

Autonomía da batería: a media sitúase nas tres horas de duración a pleno rendemento e co detector de redes Wi-Fi aceso.

Tipo de memoria: canto maior sexa a capacidade do disco duro, mellor. O problema é que o prezo se pode disparar.

Programas por defecto: hai que comprobar que o ordenador se vende con programas abondos de serie, como un navegador, un procesador de textos ou un reprodutor multimedia.

Entradas de audio e de vídeo: se se desexan realizar chamadas por Internet e videoconferencias, cómpre que o aparello dispoña dunha cámara instalada e que o ordenador inclúa entrada de audio por micrófono e saída por altosfalantes.

Texto adaptado de revista *Eroski Consumer*



PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORALES (MONÓLOGO)

CONTEXTO: Estas tres fotografías muestran dous xeitos de pasar as vacacións.

TAREFA: Trate os seguintes puntos:

- Que prefire vostede, praia, montaña ou visitas culturais?
- Cal escollería se viaxase coa súa parella? E cun grupo de amigos? Por que?
- Cales son as vantaxes e os inconvenientes de cada unha das opcións?

Compare, contraste e xustifique a súa opinión.





COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORALES (DIÁLOGO)

ENUNCIADO CANDIDATO A

CONTEXTO: Vostede e o/a seu/súa colega van estudar o próximo curso académico no estranxeiro e teñen pensado compartir casa. Reúñense para falar do tipo de aloxamento que escollerán.

TAREFA: Debata co/a seu/súa colega, ata chegar a un acordo, o tipo de aloxamento que mellor lles acaerá.

- Unha casa dos arredores da vila de catro cuartos, que poderán compartir con outras dúas persoas, e que lles custará ao redor de 800 € ao mes.



ENUNCIADO CANDIDATO B

CONTEXTO: Vostede e o/a seu/súa colega van estudar o próximo curso académico no estranxeiro e teñen pensado compartir casa. Reúñense para falar do tipo de aloxamento que escollerán.

TAREFA: Debata co/a seu/súa colega, ata chegar a un acordo, o tipo de aloxamento que mellor lles acaerá.

- Un apartamento de dous cuartos no centro da vila, que lles custará ao redor de 600 € ao mes.

